

## EXTRACTO DE ACORDOS ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

18/06/2023

### ORDE DO DÍA

#### **1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.**

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

#### **2º.: Presentación da Memoria Deportiva do 2022.**

Procédese á lectura de Memoria Deportiva da tempada 2022.

Toda a información relativa a gastos Xerais está recollida na nosa web no apartado de Lei de Transparencia onde temos un apartado de información económica.

No apartado de Actividade ordinaria destacamos o peche do ano 2022 cun total de 5.897 licenzas federativas desglosadas por modalidade e por tipo de licenza no documento adxunto. No ano 2022 tivemos 38 clubs con licenza homologada pola RFEG e 37 clubs e/ou escolas autonómicas.

En cuanto ao apartado de competicións recolleemos as 27 competicións autonómicas nas distintas modalidades da ximnasia. Participamos en 13 campionatos nacionais, sendo Galicia sede de dous deles. O Campionato de España Individual e clubs e Nacional Base de Ximnasia Trampolín e o Campionato de España Individual e autonomías e Campionato de España Individual Masculino de Ximnasia Rítmica ambos celebrados en Ourense.

Recollemos a Liga de Estética que ao non estar recollida como modalidade na RFEG pero si estar recollida en diversas comunidades realizamos unha Liga intercomunidades con tres fases e unha final.

Con respecto ao programa de Tecnificación recolleemos as liñas xerais de actuación e a nivel particular o realizado na tempada 2022 por parte de cada comité técnico.

No programa relativo a Deporte Escolar salientar o incremento de participación en tódalas modalidades sendo notable nas modalidades de rítmica e

artística. No arquivo adxunto Anexo I podemos ver con detalle cada campionato coa súa participación.

A Copa Deputación é un proxecto patrocinado pola Deputación de Ourense apoiando o deporte de base así como achegar a ximnasia aos núcleos rurais. A competición realízase nas modalidades de Ximnasia Rítmica, Acrobática e Trampolín así como en exhibicións das distintas modalidades de ximnasia.

Destacar tamén o incremento de participación no campionato de Promoción e Pre-base recollido na táboa explicativa do arquivo adxunto.

No programa relativo a competicións Internacionais salientar que a modalidade de ximnasia con maior proxección internacional é a Ximnasia Trampolín con resultados salientables a nivel internacional. Recoller tamén as nosas Copas Galicia Internacionais nas modalidades de Trampolín e Acrobática.

No programa de Docencia recollemos os cursos de adestradores de I Nivel de X. Artística, Rítmica, Trampolín e Acrobática. Os cursos de Xuíces realizados o 2022 foron o nivel 1 de X. Acrobática, Artística Feminina, Rítmica e un Nivel 2 de X. Acrobática.

Para finalizar a memoria recollemos galería de Imaxes e carteleiras recollendo o uso das imaxes corporativas así como momentos dos campionatos autonómicos, nacionais e internacionais celebrados na tempada 2022.

### **3º.: Aprobación do calendario de Actividades 2023.**

Preséntase e apróbase o calendario de Actividades previstas para esta tempada 2023.



**CALENDARIO PROVISIONAL COMPETICIONS GALEGAS – 2023**

COMPETICIÓN	DATA	MODALIDADE	SEDE	Inicio INSCRIPCIÓN	Fa INSCRIPCIÓN
I Fase Liga Escolar Ximnasia Artística	4-5 de Marzo	Artística	A Coruña	06/02/2023	12/02/2023
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Base Individual	18-19 Marzo	Ritmica	Ourense	20/02/2023	27/02/2023
Control Copa Consensus Base + Control Copa Realta Sofia Feat + Control Copa España Consensus 1ª Fase + Control Copa España Mate	18-19 Marzo	Ritmica	Ourense	20/02/2023	27/02/2023
Liga Prov. F. Escolar I+Prov. Prem I+Prebase I+F. Local Copa Diputación / Ourense	01 Abril	Ritmica	Calanova	06/03/2023	12/03/2023
Liga Provincial Fase Escolar I + Prov. Promoción I + Prebase I / Pontevedra	01-02 Abril	Ritmica	Vilanova de Arousa	06/03/2023	12/03/2023
Liga Provincial Fase Escolar I + Prov. Promoción I + Prebase I / Lugo	15 Abril	Ritmica	Ribadesella	06/03/2023	12/03/2023
Liga Provincial Fase Escolar I + Prov. Promoción I + Prebase I / A Coruña	16 Abril	Ritmica	Narón	06/03/2023	12/03/2023
Copa Galicia Escolar X. Trampolín	22 Abril	Trampolín	Pontevedra CGTD	27/03/2023	03/04/2023
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Base e Federada + Copa Escolar	29-30 Abril	Aeróbica	Nigrán	07/04/2023	14/04/2023
Liga Provincial Fase Escolar II + Prov. Promoción II + Prebase II / Lugo	13 Maio	Ritmica	Guitiriz		Inscritos Fase I
Liga Prov. Escolar II+Prov. Prem II+Prebase II+F. Local Copa Diputación / Ourense	14 Maio	Ritmica	Xirón de Limia		Inscritos Fase I
Liga Provincial Fase Escolar II + Prov. Promoción II + Prebase II / Pontevedra	13-14 Maio	Ritmica	Marín		Inscritos Fase I
Liga Provincial Fase Escolar II + Prov. Promoción II + Prebase II / A Coruña	17 Maio	Ritmica	A Coruña		Inscritos Fase I
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Indiv. Feminino e Masculino + Cpto. Equipos + Control Copa España Consensus 2ª Fase	20 de Maio	Ritmica	Ourense	24/04/2023	01/05/2023
II Fase Liga Escolar Ximnasia Artística	03-04 Xuño	Artística	Pontevedra	08/05/2023	14/05/2023
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Ind. e Club Base e Élite	27-28 Maio	Trampolín	A Estrada	01/05/2023	07/05/2023
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Base + Torneo Via Olímpica Xaf Torneo Promegym + Base Xaf	06-07 Maio	Artística	Fene	03/04/2023	09/04/2023
Final Liga Escolar Ximnasia Artística				Clasif. Fases Liga	Clasif. Fases Liga
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Via Olímpica + Torneo Base Xaf	08-09 Xuño	Artística	Sada	05/06/2023	11/06/2023
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Base + Cto. Galego Promegym Xaf					
Cpto. Galego Promoción (Memorial A. Prada) + Cpto. Galego Prebase	03 Xuño	Ritmica	Ourense	Clasif. Fases Prov.	Clasif. Fases Prov.
Cpto. Escolar Ximnasia Aeróbica	04 Xuño	Aeróbica	Vigo	15/05/2023	21/05/2023
Liga Provincial Fase Final Cpto. Galego Escolar	10 Xuño	Ritmica	Ourense	Clasif. Fases Prov.	Clasif. Fases Prov.
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Base Consensus + Control Copa España Consensus (2ª Fase) + Control Copa Base Indiv	7 ou 8 Outubro	Ritmica	Ourense	18/09/2023	25/09/2023
Cpto. Nacional Fase Autonómica Cpto. Galego Consensus	11 ou 12 Nov	Ritmica		16/10/2023	23/10/2023
Cpto. Galego Escolar Ximnasia Trampolín					
Cpto. Galego Máster Ximnasia Trampolín	Décembro	Trampolín			



**CALENDARIO PROVISIONAL COMPETICIONS GALEGAS – 2023**

**COPA DEPUTACION OURENSE**

I Fase Local Copa Diputación	01 Abril	Ritmica, X. Xeral, Estética	Calanova	06/03/2023	12/03/2023
II Fase Local Copa Diputación	14 Mayo		Xirón	Inscritos Fase I	Inscritos Fase I
Copa Diputación Indiv e Consensus - Fase Final	11 Xuño	Trampolín, Aco	Ourense	Inscritos Fase I	Inscritos Fase I
Copa Diputación Aeróbica e Trampolín - Fase Final				08/05/2023	14/05/2023

**LIGA ÁMBITO NACIONAL 2023**

Copa de Federacións Ximnasia Estética I Fase	15 Abril	X. Estética	Igualada (Barcelona)		
Copa de Federacións Ximnasia Estética II Fase		X. Estética			
Copa de Federacións Ximnasia Estética III Fase e Final		X. Estética			

**COPA GALICIA INTERNACIONAL**

II Torneo Cidade de Vigo - XV Copa Galicia Internacional Aeróbica	15-19 Febreiro	Aeróbica	Vigo	20/12/2022	20/01/2023
XIII Copa Galicia Internacional Trampolín	24-26 Marzo	Trampolín	Vigo	03/02/2023	24/02/2023

**TORNEOS OFICIAIS 2023**

B Torneo Cidade de Lugo XR	26 Marzo	Ritmica	Lugo	01/02/2023	10/03/2023
V Torneo Club Biquiza XR	26 Marzo	Ritmica	O Grove	12/02/2023	20/02/2023
XI Torneo Internacional XR - Ourense Provincial Tetrat	06-09 Abril	Ritmica	Ourense	12/02/2023	28/02/2023
IV Torneo Nacional XR Vivasilha Santiago	12 Marzo	Ritmica	Santiago	19/02/2023	24/02/2023
XV Torneo de Primavera Cidade de Ourense XR	13 Maio	Ritmica	Ourense	10/04/2023	17/04/2023
XV Torneo Ritmica Arousa, Memorial Rodrigo Vázquez	30 Abril	Ritmica	Vilanova de Arousa	04/03/2023	18/03/2023
IV Torneo Vila de Cambados	11 Xuño	Ritmica	Cambados	17/04/2023	30/04/2023

Apróbase o calendario por unanimidade dos membros presentes.

#### **4º.: Aprobación das contas anuais correspondente ao exercicio 2022.**

Informamos aos presentes que este ano seguindo as directrices da empresa de auditoría tivemos que modificar varias contas de contabilidade modificando substancialmente a memoria económica dado que se axustaba máis á contabilidade dunha PYME que á contabilidade dunha federación.

Imos apreciar moitas variacións con respecto ao exercicio 2021 por variación das contas polo que debemos centrarnos nos resultados e a partir do exercicio 2023 a comparativa será máis real e axustada.

- *Contas anuais (Perdas e Ganancias) –*

Neste exercicio 2022 tivemos uns ingresos federativos que ascenderon a 359.057,27€. Os ingresos de explotación ascenderon a 116.683,18€. Tivemos uns gastos de persoal de -72.341,95€ e uns gastos de explotación que ascenderon a -428.241,70€. A Amortización do noso inmovilizado no exercicio 2022 foi de -14.133,15€.

O Resultado do exercicio no ano 2022 foron unhas perdas de -35.298,08€

- *Contas anuais (Balance de Situación) -*

No exercicio 2022 contamos cun activo non corrente de 81.496,16€ e un activo corrente de 225.010,05€ sumando un total Activo de 306.506,21€

Temos un patrimonio neto de 299.596,45€, un pasivo non corrente de 37.300,00€ e un pasivo corrente de 6.909,76€ sumando un total Patrimonio neto e pasivo de 306.506,21€

- *Memoria Económica 2022 -*

A memoria económica desta Federación detalla as actividades realizadas por esta entidade así como os recursos económicos destinados a cada fin.

No documento adxunto Anexo V están pormenorizados os datos recollidos nas contas de perdas e ganancias así como no Balance de situación explícase de forma pormenorizada aos presentes quedando resoltas as dúbidas con respecto ao mesmo.

Unha vez explicados estes puntos solicítase á Asemblea a aprobación das Contas anuais. Con respecto á aplicación de resultados solicítase á Asemblea compensar as perdas de 2022 que ascenderon a -35.298,08€ co remanente de exercicios anteriores de 245.250,17€.

Procédese á votación, quedando aprobadas por unanimidade tanto as Contas Anuais como a aplicación de resultados.

### **5º.: Aprobación da modificación do regulamento de competicións (Torneos Oficiais).**

A modificación do regulamento de competición é a salientada en vermello relativa ao Capítulo II – Obtención da oficialidade nos seus artigos 66 e 67.

Art. 66.- Para obter a oficialidade dun torneo, parte competitiva, deberán de cumprirse os seguintes requisitos:

1. Solicitud dirixida a FGX en documento oficial (WEB federativa), dentro dos prazos marcados.
2. Enviar a Normativa Técnica da competición obxecto da solicitude.
3. Data de celebración, lugar, tipo de competición, individual ou equipos, categorías, etc.)
4. Convenio asinado por o representante da entidade (WEB federativa).
5. Nalgúns casos, a FGX poderá oficializar algunha actividade anexa ao torneo, sempre que se solicite e xustifique.

Art. 67.- Taxas de Inscripción

#### 1.- Participantes

1. Nas competicións de ámbito autonómico, so con participantes galegos, non se poderán cobrar taxas de inscrición.
2. Nas competicións nacionais, con participantes do resto de España, poderanse cobrar taxas de inscrición, sempre que estas non superen o dobre da cantidade fixada por a propia federación nas súas internacionais.
3. Nas competicións internacionais, poderanse cobrar taxas. Estas non poderán superar o triplo do importe fixado por a propia federación nas súas propias.
4. Esta taxa será por ximnasta, equipo e/ou conxunto, nunca por exercicio.

#### 2.- Espectadores.

2.1.-Norma Xeral. O acceso de espectadores a estas actividades será totalmente gratuíto

a. No seu caso, a entidade organizadora, que pide a oficialidade, poderá solicitar á FGX, a imposición dun importe de acceso (entrada), mediante escrito, expoñendo as razóns para tal feito.

b. De ser concedido, deberá cumprir con todas as obrigas fiscais vixentes

Apróbase este punto da orde do día por unanimidade dos membros presentes.

### **6º.: Aprobación do regulamento de técnicos.**

Presentamos e apróbase un novo regulamento de técnicos co fin de recoller todas as regras que afectan ao desenvolvemento das función de técnicos das distintas modalidades así como os seus dereitos e obrigas.

Apróbase por unanimidade este punto da orde do día

### **7º.: Convocatoria Eleccións Parciais.**

A Secretaría Xeral para o Deporte informounos que a nosa Asemblea actual non cumpre o mínimo recollido nos regulamentos electorais. É por ese motivo que debemos abrir un proceso de eleccións parciais para tratar de cubrir as prazas vacantes que serían as recollidas no cadro inferior.

<b>CLUBS</b>			
<b>Circunscrición</b>	<b>Nº total</b>	<b>Actuais</b>	<b>Convocatoria</b>
A Coruña	10	1	9 (Esp. Rítmica)
Lugo	6	3	3 (Esp. Rítmica)
Ourense	5	4	1 (Esp. Rítmica)
Pontevedra	14	3	11 (Esp. Rítmica)
<b>XIMNASTAS</b>			
Autonómica	11	2	9 (1 Artística e 8 Rítmica)
<b>XUÍCES</b>			
Autonómica	5	2	3 (1 Rítmica, 1 Acrobática, 1 Trampolín)

ADESTRADORES			
Autonómica	6	5	1 (Artística)

Apróbase por unanimidade iniciar este proceso electoral parcial.

**8º.: Suxerencias e preguntas.**

Non hai alegacións neste punto da orde do día.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 14:00 h do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 18 de Xuño de 2023